



**CONCELLO DE POIO**

**Ref: MC (Secretaría)**

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS TRINTA E CINCO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA TRINTA DE MARZO DE DOUS MIL DEZ.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezasete horas e trinta e cinco minutos do día trinta de marzo de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luz Senra Lorenzo, D. Xose L. Martínez Blanco, D<sup>a</sup>. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D<sup>a</sup>. Margarita Caldas Moreira, D<sup>a</sup>. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D<sup>a</sup>. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D<sup>a</sup>. Celeste Nieto García, D. Angel Moldes Martínez, D<sup>a</sup>. Irene Ligerio Iglesias, Miguel A. Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; escusa a non asistencia o Concelleiro do P.P. D. Aberto Villaverde Méndez; actuando como Secretaria a do Concello D<sup>a</sup>. Paula Ramos Díaz e como interventora D<sup>a</sup>. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3358.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 23/02/2010.- De conformidade co disposto no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregúntase polo Sr. Presidente se algún membro da corporación ten que formular algunha observación da acta da sesión anterior; formulándose pola Sra. Besada Lores a seguinte observación:

- No punto 3351, da aprobación do Convenio a subscribir con Acuanorte, non se recolle a súa intervención na que manifestaba o seguinte: "O Grupo Socialista está de acordo coa adhesión ao convenio xa que a rede de abastecemento está en moi mal estado e é necesario a súa acometida motivada principalmente polas roturas da rede xeral".

Non subscitándose ningunha outra observación a acta esta queda aprobada coa rectificación anterior.

3359.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos acordos precedentes e que son os que seguen: "3348.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE A REFORMA DO SISTEMA DE PENSIÓNS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3349.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE ADHESIÓN AO MANIFESTO "GALICIA TEN DEREITO".- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remituse á Presidencia do Goberno Central, Presidencia da Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios Galegos; 3350.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE BONIFICACIÓN IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) EXP. 167/09 DE D. RAMÓN QUIÑONES QUIÑONES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Intervención e Urbanismo e notificouse ao interesado; 3351.- BORRADOR DO CONVENIO A SUBSCRIBIR POLOS CONCELLOS DE PONTEVEDRA, MARÍN, SANXENXO, POIO E BUEU COA SOCIEDADE ESTATAL DE AUGAS DA CONCA DO NORTE,, SA (ACUANORTE).- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño; 3352.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A NOVA LEI DE CAIXAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3353.- DAR CONTA DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN RELACIÓN CO FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTIBILIDADE LOCAL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse ao departamento de contratación; 3354.- URBANISMO, RATIFICACIÓN DO ACORDO NUM. 7621 EXP. 506/08, D. JORGE FRAMIS SERRA, RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL PRODUCIDO NA REDACCIÓN DA PLANIMETRÍA DO PXOM, PARA INCLUIR UN CAMIÑO QUE NACE DO CAMIÑO RODOLLO, ARÉN, SAMIEIRA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, comunicouse ao Departamento de urbanismo e remitiuse anuncio ao Boletín Oficial da Provincia; 3355.- INTERVENCIÓN, APROBACIÓN ORZAMENTO XERAL 2010.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, comunicouse ao departamento de Intervención, remitiuse e publicouse anuncio no Taboleiro de Anuncios e Boletín Oficial da Provincia; 3356.- URBANISMO, RATIFICACIÓN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, INFORME SOBRE CAMBIO DE MATERIAL DE ESTRUCTURA DAS CUBERTAS EN COMBARRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Oficina de Rehabilitación de Combarro; 3357.- MOCIÓN DO BNG-POIO "DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES" DO DÍA 8 DE MARZO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse ao Ministerio de Igualdade e aos Grupos Parlamentarios Galegos. "

A Corporación dáse por enterada.

3360.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións adoptadas pola alcaldía desde o

último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos concelleiros xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día.

A Comisión dáse por enterada.

3361.- MOCIÓN A FAVOR DA EMENDA AO "PROYECTO DE LEY GENERAL DE NAVEGACIÓN MARÍTIMA" QUE CONTEMPLE A INTRODUCCIÓN DUNHA DISPOSICIÓN ADICIONAL TITULADA "PROTECCIÓN DEL PATRIMONIO MARÍTIMO FLOTANTE. ESTATUTO JURÍDICO DE LAS EMBARCACIONES HISTÓRICAS Y TRADICIONALES".- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado por escrito de data 10 de marzo de 2010 presentado polo voceiro do Bloque Nacionalista Galego D. Xulio Barreiro Lubián no que presentan un escrito de apoio a unha emenda ao Proxecto da Lei Xeral de Navegación que contempla a introdución dunha disposición adicional titulada "Protección Marítima Flotante. Estatuto xurídico das embarcacións históricas e tradicionais".

Dita proposta foi ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 16 de marzo de 2010 e que di o que segue: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta da moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego, de data 10 de marzo de 2010 e data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 11 de marzo de 2010, e que tras unha ampla exposición de motivos solicita que se aprobe o seguinte acordo:" En atención ao anteriormente exposto, propomos ao Pleno do Concello de Poio o seguinte acordo: 1. O Concello de Poio manifesta o seu pleno apoio á EMENDA ao "Proyecto de Ley General de Navegación Marítima" que contempla a introdución dunha disposición adicional titulada "Protección del Patrimonio marítimo flotante. Estatuto jurídico de las embarcaciones históricas y tradicionales". 2. Ao manifestarmos este apoio, instamos á Comisión de Justicia del Congreso de los Diputados", para que trate iste asunto e o incorpore ao futuro texto lexislativo. 3. Dar conta deste acordo á "Comisión de Justicia" do "Congreso de los Diputados", e á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial."

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido da moción manifestando que o que se pretende é que se recolla, nun único artigo, todo o que afecta a este tipo de embarcacións.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dita moción e propor ao Pleno a súa aprobación."

Comeza a quenda de deliberacións o Sr. Barreiro Lubián no que expón que no Parlamento do Estado estase a tratar a aprobación dunha lei sobre a navegación marítima e propoñemos que se contemple na mesma a nosa emenda sobre a introdución dunha disposición adicional titulada "Protección

do Patrimonio Marítimo Flotante. Estatuto Xurídico das embarcacións históricas e tradicionais”.

O Sr. Domínguez Lino e a Sra. Besada Lores manifestan que os seus grupos están de acordo coa emenda presentada.

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de marzo de 2010 este quedou aprobado por unanimidade de asistentes adoptándose o seguinte acordo:

1. O Concello de Poio manifesta o seu pleno apoio á EMENDA ao “Proxecto de Lei Xeral de Navegación Marítima” que contempla a introdución dunha disposición adicional titulada “Protección do Patrimonio marítimo flotante. Estatuto xurídico das embarcacións históricas e tradicionais”.

2. Ao manifestarmos este apoio, instamos á Comisión de Xustiza do Congreso dos Deputados, para que trate este asunto e o incorpore ao futuro texto legislativo.

3. Dar conta deste acordo á Comisión de Xustiza do Congreso dos Deputados e á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.

3362.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN CONTRA DA SUPRESIÓN DO SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado co motivo da moción presentada pola voceira do Grupo Municipal Socialista D<sup>a</sup>. Consuelo Besada Lores no Rexistro Xeral con data 16 de marzo de 2010, número de entrada 1538 no que solicita do Pleno a adopción do acordo de non suprimir o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

Dita moción foi informada pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de marzo de 2010 adoptándose o seguinte ditame: “Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal Socialista, de marzo de 2010 e data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 16 de marzo de 2010, e que tras unha ampla exposición de motivos solicita que se aprobe o seguinte acordo: “Dende o Grupo Municipal Socialista de Poio non compartimos que sexan as políticas de igualdade as que teñan que sufrir os recortes orzamentarios motivados pola austeridade. Así mesmo consideramos fundamental a pervivencia deste organismo porque seguen existindo as múltiples formas de discriminación que motivaron a súa creación, razóns que nos levan a presentar a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno : O Grupo Municipal Socialista de Poio

somete a consideración do pleno esta moción, para que inste a Xunta de Galicia e non se suprima o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do home e da muller."

A Sra. Besada Lores explica o contido da moción e manifesta que a moción está en contra da supresión, por parte da Xunta de Galicia, do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, un servizo que se creou no ano 1991 a través dunha lei, que se encargou en defender con máis ou menos intensidade os dereitos da muller galega. A día de hoxe aínda existen moitas discriminacións ben sexa por salarios, cargos directivos en empresas privadas.

O Sr. Domínguez Lino di que o seu Grupo Político vai votar en contra porque entendemos que as funcións fainas a Secretaría Xeral de Igualdade que depende directamente do Presidente da Xunta de Galicia e desta forma non se duplican os organismos sendo o mellor nesta época de crise.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que o seu Grupo Político está de acordo coa moción e imos apoiala.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 3 votos en contra do pp acordou ditaminar favorablemente dita asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

A Sra. Besada Lores explica que o Servizo de Igualdade está a funcionar correctamente e non hai motivo para a súa supresión alegar motivos de austeridade non é suficiente. Entendemos que este servizo debe de continuar porque na actualidade a pesar dos grandes pasos que se deron aínda seguen existindo desigualdades referidas ás mulleres (salarios, postos directivos..) non tanto na administración pública senón no sector privado.

A Sra. Ligerio Iglesias comeza a súa intervención manifestando que durante o goberno do bipartito o BNG creou unha Secretaría Xeral da Igualdade, paralela a unha Secretaria Xeral de Benestar.

Desta Secretaría dependía o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo creado pola lei en 1991, no comezo das políticas de igualdade nas comunidades autónomas.

A estrutura parecía moi coherente e ben deseñada, sobre dous pilares básicos, pero o certo é que a Secretaría Xeral de Igualdade agachaba e digo ben agachaba, porque a vontade era telo ben escondido, as competencias en materia de familia, tendo igualdade unha escasísima dimensión dentro da secretaria, tanto en persoal como en orzamento.

Á fronte da secretaria puxo unha secretaria e a fronte do Servizo Galego de Igualdade a unha directora, as dúas con categoría de altos cargos e as correspondentes

remuneracións, coches, etc. Pero as funcións dun e doutro departamento eran exactamente as mesmas, como se puido comprobar.

Durante a etapa do goberno do bipartito o grupo parlamentario do partido popular criticou unha e outra vez a falta de coherencia, o derroche e o despilfarro da posta en marcha de dúas estruturas para a xestión das políticas de igualdade.

De feito, o propio BNG desde a Vicepresidencia planteou a transformación do Servizo Galego de Igualdade noutro tipo de estrutura tal e como, o confirma a existencia dun informe realizado a principios do ano 2009 denominado "informe xurídico sobre a transformación do Servizo Galego de Igualdade en Axencia Pública" informe que se solicitou sobre a Secretaría Xeral da Igualdade. Ocultándose a súa existencia ao Servizo Galego de Igualdade. Evidentemente, non se trataba de suprimilo posto que a pervivencia de dous altos cargos a fronte era crucial.

No programa electoral do PP de Galicia incluíase a simplificación das estruturas administrativas de igualdade da Xunta de Galicia.

Na toma de posesión do novo Presidente, no seu discurso de investidura, informa que as políticas de igualdade da Xunta de Galicia pasan a ser xestionadas desde a secretaría que dependerá directamente do presidente.

E por Decreto 325/2009, créase a Secretaría Xeral da Igualdade dependendo directamente do Presidente. O servizo de Igualdade pasa a depender da Secretaría Xeral de Igualdade, é dicir suprimese un dos dous cargos preexistentes, en aras de maior, eficiencia e aforro.

Agora corresponde, a través do anteproxecto de lei suprimir o Organismo Autónomo de Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, traspasando á Secretaría Xeral de Igualdade o persoal, o orzamento e a actividade desenvolvida agora. Tamén esta secretaría sairá reforzada pois modifícanse nesta lei 2/2007 artigos, que aportarán ás secretarías maiores atribucións e maior orzamento.

Pensamos en eliminar duplicidades innecesarias e simplificando o número de entes e empresas dependentes da Xunta de Galicia, facilitamos un funcionamento áxil da administración galega e disminuimos gastos correntes.

A Sra. Besada Lores di que a exposición feita pola Sra. Ligerio Iglesias é incongruente en si mesma. O que lle parece ao PSOE é unha maneira incuberta de suprimir servizos e a privatización dos mesmos, trátase duns servizos creados no tempo, o que pasa é que o PP nunca tivo sensibilidade na igualdade do home e da Muller.

O Sr. Barreiro Lubián di que parece ser había dous

organismos cada un tiña as súas competencias e orzamentos, que traballaban coa finalidade da igualdade. Coa escusa da austeridade, o que pretenden é o desmantelamento dos servizos públicos, que agora van ser máis escasos. Nestes servizos é certo que había pouco persoal e moita carga de traballo.

O Sr. Domínguez Lino di que ninguén está falando de desmantelar o servizo. A cuestión é que hai dous instrumentos coas mesmas funcións, aínda que digan que non, o que pretendemos é simplificar as funcións e que agora van a depender directamente da presidencia e patentado polos electores que votaron a favor dun programa electoral.

A Sanidade non se vai privatizar, aínda que se insista no tema.

A Sra. Besada Lores di que non se vai a facer máis creíble por moito repetir as mentiras. Nunca oín a ninguén queixarse por ter máis de un teléfono de atención. Temos asumido o da perda das eleccións antes houbo un goberno que fixo as cousas ben e agora non hai goberno hai un desgobierno. O tempo daranos a razón, ogallá a moción non fora necesaria e o se prestasen maiores servizos. Xa todos coñecemos a sensibilización do PP.

A Sr. Barreiro Lubián di que a sensibilidade non é dos políticos senón das persoas, vendo a vosa sensibilidade vades facer bo a Fraga. Ata o de agora soamente desfixestes servizos e hai que ter moito coidado cos termos, unha cousa é a privatización e outro a externalización, son termos distintos.

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas este quedou aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención, adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Instar á Xunta de Galicia para que non suprima o Organismo Autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

3363.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE PRÉSTAMO LONGO PRAZO PARA O FINANCIAMENTO DE INVESTIMENTOS 2010.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado co motivo da concertación dun contrato de préstamo para o financiamento do Plan de Investimentos do ano 2010.

Consta no expediente o Prego de condicións que ten por obxecto o concerto dun préstamo por importe de 1.020.000 € coa finalidade de financiar investimentos recollidos no orzamento de 2010, así como as modificacións que poderán

establecerse por razóns de interese público ou como consecuencia de sobrantes que se produzan na execución dos investimentos proxectados.

O expediente informouse pola Intervención Municipal con data 08 de marzo de 2010 e sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda de data 16 de marzo de 2010 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente e do prego de condicións para a concertación dun contrato de préstamo para a financiación do plan de investimentos do exercicio 2010, por importe de 1.020.000 € de data 8 de marzo de 2010 e do informe da Interventora Municipal de data 8 de marzo de 2010.

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido do prego de condicións indicando que a contía do mesmo é de 1.020.000 €, cunha duración de 18 anos con dous anos de carencia, sen ningún tipo de comisións e que as proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ata o día 13 de abril de 2010.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que o seu Grupo Político vaise abster ata o Pleno.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 2 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación e que se sigan os trámites legais procedentes."

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Barreiro Lubián no que explica o contido do Prego para a contratación do préstamo que se recollía no orzamento para investimentos do ano 2010 por importe de 1.020.000 €, invítaranse a entidades financieras para que presenten as súas ofertas ata o 13 de abril, para poder aprobarse no pleno vindeiro do mes de abril.

O Sr. Domínguez Lino di que a 31 de decembro o Concello tiña unha débeda de 9 millóns de € e con este préstamo que pretenden solicitar a débeda aumentará aos 10 millóns co que deixarán hipotecados a Poio ata o ano 2030. Non estamos de acordo coa solicitude do préstamo, imos votar en contra do mesmo xa que entendemos que Poio pode ter outra política.

O Sr. Barreiro Lubián di que temos 9 millóns máis e este ano subimos un e amortizamos 600 mil. Temos previstas as amorizacións aos 20 anos. Estamos nun endebedamento permitido pola Lei é mellor non ter débeda pero neste caso é necesario. Hai outra política, a de non facer nada e esperar ata o 2030 para dar servizos aos veciños que os demandan e tamén podemos esperar a que soban os xuros pero non o entendemos desa maneira. A situación está controlada e dá bos resultados.



A Sra. Besada Lores di que o Grupo Socialista vai votar a favor porque é unha débeda soportable que o Concello vai asumir e desta forma podemos dar servizos aos veciños. Temos unha débeda do 90% e temos unha marxe ata do 125% para endebedarnos, chegados ao máximo sería unha situación preocupante. Temos casos moi cercanos, como a Deputación de Pontevedra, que ten un endebedamento do 108%.

Sempre di que hai alternativas a esta política, propóñolle que as diga.

O Sr. Domínguez Lino di que non van entrar en casos de outros anos, pero si que lle podo dicir que en anos pasados non se pagaban as cantidades que se pagan como por exemplo en saneamento.

Todos os anos repetimos en recortar gastos en festexos, horas extraordinarias... E podo dicirlle que no mes de xaneiro xa hai traballadores que superan as 80 horas extraordinarias permitidas anuais, 600 € en reparacións de maquinaria.. si que existe outra política o que se precisa é un cambio de goberno.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que el na primeira intervención neste asunto soamente fixo referencia ao Prego de condicións que foi o Sr. Domínguez quen encendeu o "lume".

Antes cobrábanse 1000 pts. por saneamento que tiña a súa desembocadura no mar, cobrar ese importe polo servizo era un roubo, agora a cousa cambiou e temos unha depuradora. Hai lugares de Poio que non teñen saneamento pero son contados, é máis fácil contar eses casos de núcleos aislados. Evidentemente deberían de ter todos saneamento pero si que o 90% disfruta deste servizo e hai que pagalo. Os veciños de Poio pagaban pola subministración de auga e o Concello daquela non lla pagaba a Pontevedra.

Presenta un plan de aforro de 90.000 € sobre un orzamento de 12 millóns, ese si que é un plan de aforro. Sexamos serios e presente unha alternativa sobre o papel e entón debatiremos ese outro tipo de política, porque de momento o que expón non nos di nada.

A Sra. Besada Lores di que as horas extraordinarias xa se debatiron noutras ocasións en plenos anteriores e coa aprobación dos orzamentos no pleno anterior. Repito, que as horas extraordinarias rebaixáronse pero tamén hai que ter en conta a situación do ano pasado. A Xunta sempre subvenciona postos de traballo de verán (peóns...) pero ata setembro do ano pasado non nos concederon estes postos polo que houbo que prestar os servizos co persoal que nos temos, polo que

si houbo horas porque os veciños demandan servizos. Os policíaas reforzaron o servizo porque había tres policíaas na plantilla que tiñeron que ir a academia e dous que se incorporaron tras aprobar a oposición polo que había cinco policíaas na academia e os membros da plantilla que restaban tiñan que reforzar o servizo.

Son vostedes os primeiros, que no apartado de rogos e preguntas, solicitan que se presten servizos e se fagan cousas, pois o Concello fainas cos medios que ten.

Con respecto ao saneamento, cando se fixo a depuradora de Placeres co PP xa era insuficiente para dar servizo aos concellos de Poio, Sanxenxo e Pontevedra e foi o goberno anterior quen tratou de solucionar o problema existente. Agora hai 18 pozos de bombeo para dar servizo e haberá que facer máis o que suporá un incremento do coste.

Antes a débeda de Pontevedra coa auga non se pagaba, o lixo estaba na Seca, claro que era barato. Os servizos hai que pagalos.

Con respecto, ao arranxo de maquinaria, vostede saca na prensa que o Concello de Poio pagou máis de 600 € por arranxo dunha motoserra do servizo, pero a realidade é que foi por arranxo de varia maquinaria, píddolle que non minta máis.

O préstamo é para os gastos de investimentos non para gastos correntes nin para gastos de persoal. Faga propostas coherentes.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que no ano 1995 o grupo de goberno dicía que a auga era rentable en Poio, non era o PP quen o dicía. Chegaron vostedes e privatizaron a auga. Repito en gastos de oficina gastouse un 99% máis do orzamentado, en festexos un 250%, en atencións protocolarias un 105% e en horas extraordinarias no 2008 214.000 € e no 2009 205.000 € en tres anos case 600.000 €, e as motoserras hainas por 150 €.

O Sr. Barrreiro Lubián di que a rentabilidade da auga é certa pero o saneamento non é rentable polos 18 bombeos que existen que supón un gran gasto. O Concello de Poio presta o servizo de saneamento a unha porcentaxe de poboación do 90% porque fixo unha boa xestión.

Cando fai referencia a que se gasta máis do orzamentado olvídate que cando se aproban os mesmos faise mención a un orzamento conservador coa certeza de asegurar os ingresos fixos e non ir polo maior que ahí si que nos podemos pasar. Cando durante o ano se ingresa máis do orzamento é pola realización dunha boa xestión.

O ano pasado houbo 3,7 millóns en remanente de tesourería e ao PP parecíalle fatal que se utilizara e non votaron a favor das modificacións para que se incorporaran ao expediente.

Na PO-308, que é unha estrada de competencia da Xunta de Galicia, na maior parte non ten saneamento, nin beirarrúas porque o PP non invirte na PO308 nin en Poio. Nesta estrada había proxectos para executar entre as Bardancas e Andurique e non fixo nada. Nun ano invertiron 0 €. Está mal que o Concello se endebede pero si que outras administracións se poden endebedar. (Xunta de Galicia, Deputación...) hai que ser consecvente.

A Sra. Besada Lores di que o Sr. Domínguez sempre fala de 8 anos do bipartito pero non son seguidos. As facturas poden facilitarllas ao rematar o pleno.

Os gastos protocolarios resúmense en calendarios, invitacións a cargos políticos...cando viñan porque agora nin veñen a Poio.

Sometido a votación ordinaria, por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE) e 6 en contra (PP) e polo tanto por maioría absoluta no número legal de membros da corporación o pleno acordou:

**Primeiro:** Prestar aprobación ao expediente formado para a concertación dunha operación de crédito a longo prazo por importe de 1.020.000 € coa finalidade do financiamento dos investimentos recollidos no orzamento correspondente ao exercicio 2010 así como as modificacións que poideran establecerse por razón de interese público ou como consecuencia dos sobrantes que se produzan na execución dos investimentos proxectados.

**Segundo:** Dar inicio o procedemento de adxudicación da citada operación solicitando ofertas ás entidades financeiras co establecemento no termo municipal; coa salvidade de que non se poderá realizar a concertación do mesmo unha vez non se aprobe definitivamente o orzamento municipal para o exercicio 2010.

**Antes de comezar a deliberación do seguinte punto pola Secretaria presente na sesión ponse de manifesto que unha vez consultado cos voceiros dos grupos municipais e debido ao erro material cometido á hora da elaboración da Orde do Día correspondente a esta sesión e de conformidade co establecido no artigo 91.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, vaise proceder a alterar a deliberación dos asuntos números 3364 e 3365, xa que procede**

**en primeiro lugar tratar a moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular e no punto seguinte a moción presentada polo Grupo Municipal do PSOE, seguindo o criterio de data de entrada no Rexistro Xeral Municipal do Concello de Poio.**

3364.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PRESENTADA O DÍA 24 DE FEBREIRO DE 2010, SOBRE INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NOS LUGARES DE SAN MARTIÑO E RIAL.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado co motivo da moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular con data 24 de febreiro de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Poio no que se solicita a aprobación dun plan de actuación urxente e investimento necesario, por parte do Concello, que contemple a instalación da rede de saneamento nos lugares de San Martiño e Rial, da parroquia de San Xoán.

Con data 23 de marzo de 2010 e previo informe do Enxeñeiro Municipal de data 18 de marzo de 2010 dita moción foi sometida a consideración da Comisión Informativa de Urbanismo en sesión realizada o 23 de marzo de 2010 emitíndose o seguinte informe: "Vista a moción de referencia e visto o informe emitido polo Enxeñeiro Municipal, que di textualmente: "Asunto: INFORME SOBRE A MEMORIA VALORADA DE "ACTUACIONES DE ABASTECIMIENTO Y SANEAMIENTO EN SAN MARTIÑO, RIAL Y AS TESTADAS".- Na actuación que hai que realizar á vista das carencias na rede municipal de abastecemento e saneamento nos lugares de San Martiño, Rial e As Testado redáctase a memoria valorada que se presenta a continuación co fin de definir as obras necesarias para levar a cabo estas infraestruturas nos devanditos lugares.

Os núcleos de poboación de San Martiño e o Rial que a súa situación topográfica está nunha cota inferior con respecto a Camiño da Capela, carecen de Rede de saneamento debido á complexidade de conexión coa rede existente por estar a rede proxectada a unha cota moi inferior da mesma. A rede prevista de saneamento despois do seu percorrido por diferentes camiños, para acometer as diferentes vivendas, terá a conexión coa rede existente no Camiño da Reiboa na Seca previa perforación dirixida baixo a estrada PO 308, Con esta actuación preténdese dar servizo a 39 vivendas, así mesmo de dotar dos servizos de abastecemento de augas e rede de pluviais, pavimentacións dos viarios por onde discorran as diferentes canalizacións.

<b>Datos de San Martiño e Rial</b>	<b>Lonxitude de rede</b>
rede de abastecemento en diám. 63 e 125 mm.	2.228, 00 m
rede de residuais de diám. 250, 315 e 400 mm	2.999,00 m
rede de pluviais de diám. 200 e 315 mm	1.809, 00 m.

Na zona das Testadas (Punta Saiñas) consta de dúas actuacións:

- Rede saneamento en camiño da Ribeira ata a rede existente en rúa Monte Saiñas, con esta canalización preténdese dar servizo de saneamento a 11 vivendas.

- Substitución da tubaxe da rede existente de saneamento e fosa séptica, as cales na actualidade están nun estado precario e con mal funcionamento, nesta actuación proxectase un pozo de bombeo en substitución da fosa séptica co obxectivo de captar as augas residuais no punto baixo do camiño dá Ribeira e rúa Monte Saiñas e impulsalas mediante unha tubaxe PAD Ø 110 mm á rede existente en Rúa Saiñas

Este proxecto das Testadas estaba contemplado no proxecto de rede de saneamento nos lugares de Teinogeira, Covelo, A Seca, Andurique As Testadas e A Barca. Cun importe total de 580.081,11 Euros.

Datos das Testadas:

Rede de residuais en diám. 315 mm: Lonxitude de rede 578,00 m

Pozo de bombeo: 1,00 ud

Impulsión en diám. 110 mm: Lonxitude de rede 291,00 m

Datos do proxecto:

O importe total de Memoria Valorada corresponde co importe total de 1.074.265, 40 Euros"

Esta Comisión acorda: Que se pase esta moción ao Pleno do Concello".

O Sr. Piñeiro Murillo explica aos asistentes da sesión que ao presentarse dúas mocións polo mesmo tema soamente hai un informe técnico que aparece refletido nos dous ditames da comisión informativa.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que o seu grupo municipal coincide coas dimensións realizadas e presentan esta moción xa que consideran que é unha obra importante e que a ten que realizar o Concello.

O impulso principal foi dos veciños do lugar e o Partido Popular despois de visitar o lugar tamén cree que estas obras deben de realizarse xa que se trata dunha demanda de fai anos dos veciños de San Martiño.

Os servizos básicos débense prestar aos veciños e o PP sempre demanda que se invirta nestes servizos.

O Sr. Barreiro Lubián di que sempre falan con indefinicións e sempre o falan con carácter de urxencia, pero para esta urxencia habería que buscar financiamento e suporía máis endebedamento.

É importante darlle saneamento a 43 vivendas pero 6000 vivendas teñen saneamento. Hai que meter unha rede de saneamento de 3 km. Cada vivenda supón 22.000 €.

Neste Concello desde que goberna o BNG e PSOE fináncianse polo Concello e non contribucións especiais.

Sempre falan dun plan de actuación urxente por parte do Concello parece que non existen outras administracións, que poderían axudar un pouco máis.

Criticánnos por pedir préstamos e demandar servizos non sei como imos pagar.

Evidentemente, San Martiño ten dereito a ter saneamento e a vostedes parécelle unha aberración o parque da Seca, o que era unha aberración era o vertedoiro que vostedes tiñan alí. O maravilloso era ver o pasado domingo a centos de persoas disfrutando do contorno. Pero a 50 metros as competencias son da Xunta de Galicia. Tamén consideramos que se pode facer mediante un convenio coa Xunta e non a través de impostos dos veciños. Hai que ver todas as posibilidades e se non hai máis remedio terase que facer polo Concello pero habería que buscar outras posibilidades de financiamento.

A Sra. Besada Lores manifesta que no seguinte punto da orde do día polo PSOE preséntase unha moción solicitando a realización das obras pero tamén solicitando da Xunta o financiamento necesario para a realización das mesmas.

Cando o Sr. Domínguez utiliza o termo de "Actuación urxente" demostra o talante do Partido Popular e en particular do Sr. Domínguez Lino. No ano 2008 fixéronse varias visitas para ver o lugar, con veciños, enxeñeiro municipal e co encargado de vías e obras pero en ningún momento saiu promesa de invertir e ademais afecta a varias propiedades.

No ano 2007 a Consellería de Medio Ambiente invertiu 900 mil € en reparacións dos bombeos. Pero no ano 2009, perdemos as eleccións e entrou unha nova Xunta. Pedimos financiación á nova Xunta e contestounos que estaba pendente unha nova EDAR por 3 millóns de € e non podía afrontar un saneamento de 600 mil €. Entendemos que San Martiño ten dereito e necesidades de saneamento aínda que é moi costoso, pero non entendemos que estando en contra dos orzamentos, solicite unha inversión destas características financiados polo Concello. Son necesarios pero a Xunta tamén ten que aportar, xa que Poio tamén é un Concello da Comunidade Autónoma de Galicia.

Existe un proxecto para realizar unha actuación na PO 308 desde a Merce ata a subida do Pereiro pero coa nova Xunta xa nin se contesta as novas propostas.

Estamos de acordo co saneamento pero tamén entendemos que debe de financiarse pola Xunta de Galicia.

No pleno anterior díxose que o PSOE ía solicitar da Xunta a execución ou presentar unha moción á Xunta para este tema e ao día seguinte preséntana vostedes, foron rápidos.

Votaremos en contra da moción xa que entendemos que esta obra se debe realizar pero a través da Xunta de Galicia.

O Sr. Piñeiro Murillo di que o Concello xa realizou moitas obras de saneamento con dotación a máis vivendas como pode ser no lugar de Liñares que se dotaron 150 vivendas e o investimento non custou 1.000.000 €

O Sr. Domínguez Lino di que gastan 200 millóns nunha Casa de Cultura, Casa Colón, Costa Xiráldez... A urxencia neste tema ven determinada porque hai 43 vivendas que non teñen saneamento. Hai que conseguir financiamento de todas as administracións, como por exemplo fixo Caldas de Reis co Ministerio de Medio Ambiente e o PP ofrécese para conseguilo de onde sexa, se hai que ir a Europa vaise.

O Sr. Barreiro Lubián di que critican ao goberno municipal por facer obras as que foron reiteradas durante anos pola oposición. A aprobación do proxecto da Casa de Cultura foi por unanimidade vostedes manifestaron o seu consentimento a través do seu voto.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que as intervencións que se están a realizar non están contempladas na orde do día e que se deberían centrar en cuestións plantexadas na exposición de motivos.

O Sr. Barreiro Lubián di que a Casa de Cultura foi financiada nun 50% pola Consellería de Cultura, polo goberno do Bipartito e non polo PP xa que naquel momento si se solicitou financiación pero non había para Poio, nin para esta nin para ningunha obra de Poio.

Non nos rimos dos veciños que non teñen saneamento pero as urxencias hai que cuantificalas tal e como está exposto parece que hai que facelo xa, pero pensamos que debería traer algo máis que unha solicitude, un convenio de financiamento por exemplo, pero como non pinta nada na Xunta non o trae.

O Sr. Agís Gómez di que hai que coñecer cal é a dimensión da financiación do proxecto que se a poñemos no orzamento case supón a súa totalidade. O Concello de Poio non conta coa financiación suficiente. Neste caso o importante é de onde se van a quitar os cartos.

Hai proxectos aparcados na Xunta e que se refiren a Poio sen embargo hai outros que nin sequera estan redactados e agora xa están aprobados como pode ser o proxecto que afecta

á Lanzada e ao Grove, imaxino que o PP de Poio estará indignado por darlle prioridade a un proxecto que non estaba redactado nin contemplado.

A Xunta actual marxina a Poio o único que fai é afogala.

A Sra. Besada Lores di que cando o Sr. Domínguez fala de falta de respecto cara os veciños de San Martiño non fai referencia a cando se abstén nunha comisión cando se presenta unha alternativa de financiamento.

A Xunta do Partido Popular non lle deu un euro a Poio e vota abaixo todos os proxectos.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que a Xunta do PP vai superar a cantidade de 5 millóns da anterior Xunta de investimento en Poio.

Despois dun espacio de reiteradas consideracións en relación coa execución do proxecto e o financiamento para levar a cabo as obras de referencia por unanimidade de asistentes propónse a adopción dun acordo consensuado no que se recollan as dúas mocións presentadas, non opoñéndose ningún dos membros presentes e someténdose a votación a emenda "in voce" formulada polos asistentes esta queda aprobada por unanimidade adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar conformidade á "Memoria valorada actuacións de abastecimento y saneamiento en San Martiño y As Testadas" redactado polo Enxeñeiro Municipal polo importe de 1.074.265,40 €, de marzo de 2010.

Segundo: Instar da Xunta de Galicia e do Ministerio de Medio Ambiente financiamento da execución das obras incluídas no devandito proxecto.

3365.- MOCIÓN DO PSG-PSOE, SOBRE SERVIZO DE SANEAMENTO EN SAN MARTIÑO, RIAL E NAS "TESTADAS" DE CAMPELO.- De conformidade co disposto no acordo 3364 que precede ao presente, procedese á retirada do acordo número 3365 xa que este debateuse e aprobouse no punto anterior como unha moción consensuada dos tres grupos políticos.

3366.- PATRIMONIO, EXPEDIENTE 04/09 INVESTIGACIÓN DE OFICIO SOBRE CUALIFICACIÓN XURÍDICA DE POSIBLE CAMIÑO EN ZAPATA -SAN XOÁN.- Previa ratificación por unanimidade da inclusión do devandito asunto na orde do día por non ser previamente ditaminado por Comisión Informativa ningunha, pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente número 04/2009 tramitado pola Unidade de Patrimonio sobre a determinación da calificación xurídica dun posible camiño no lugar da Zapata iniciado de oficio por acordo da Xunta de



Goberno Local do 27 de xullo de 2009 e en virtude das competencias atribuídas pola lexislación vixente ás entidades locais.

Dáse conta igualmente do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo na súa sesión do 30 de marzo de 2010 e que di o que segue: "ASUNTO: 7738.- PATRIMONIO - EXP. 04/09 - PROCEDIMIENTO DE INVESTIGACIÓN DE OFICIO SOBRE CUALIFICACIÓN XURÍDICA PÚBLICA OU PRIVADA DE POSIBLE CAMIÑO EN ZAPATA - SAN XOÁN.- E previa lectura do informe emitido pola Secretaria Xeral do Concello que di textualmente:

"Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter nacional, pertencente ás Subescalas de Secretaría-Intervención e Secretaria, categoría de entrada, ao abeiro do establecido no artigo 3 do Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, emito o seguinte

INFORME

• Antecedentes de feito

- Con data 22 de febreiro de 2010 emítese informe de Secretaría unha vez rematada a fase de instrución e determinábase xunto con determinadas cuestións de carácter procedimental e en relación co carácter público ou privado do camiño:

"De conformidade coas probas practicadas e os informes e demais documentos incorporados ao expediente pode afirmarse

• Concorren certas notas definitorias para que poda ser considerado como camiño rural e municipal aparecendo grafiado no Catastro, sen que exista, non obstante un Inventario municipal de camiños e vías:

1. Serve de unión entre vías públicas, iniciando o seu recorrido en camiño municipal tendo como fin unha parcela igualmente de titularidade municipal na que se ubica un lavadoiro público tendo conexión segundo o informe técnico incorporado ao expediente cun camiño tamén público. Pese a elo hai que ter en conta que actualmente os lavadoiros non son servizos públicos e que a reportaxe fotográfica poría de manifesto o estado de abandono da finca e camiño.

- Máis non está pavimentado e carece de toda clase de servizos urbanísticos municipais (auga, saneamento, alumeados, rede eléctrica, telefonía etc) carecendo incluso de calquera tipo de sinalización.

- Non procede de cesión ou operación ningunha de xestión urbanística, sen que exista tampouco proba ningunha de que a conservación e ordenación de policía sexa realizada polo concello.

..."

• Con data 26 de febreiro de 2010, número rexistro saída 684, remítense sendas comunicacións da Alcaldía nas que se outorga a D. Juan Expósito Rodríguez e D. Antonio Nacemento

Sousa prazo de audiencia de dez días hábiles para os efectos de que podan examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas. Non consta a incorporación durante o indicado prazo da presentación de alegación ou novo documento ningún.

## 2. Consideracións xurídicas.

Primeira.- Trámite de audiencia.

De conformidade co exposto nos antecedentes de feito, non se ten presentado alegación ou nova documentación ao expediente, polo que esta informante reitera as consideracións realizadas no seu informe de 22 de febreiro de 2010 transcritas nos antecedentes de feito tras a instrución do procedemento.

Segundo.- Competencia e procedemento.

Rematado o trámite de audiencia deberase o observar e seguir as consideracións xa realizadas no informe de Secretaría de 22 de febreiro de 2010 e que se reproducen a continuación:

"Segundo.- Procedemento a seguir e órgano competente.

Rematada a instrución do procedemento e de conformidade co disposto no informe de Secretaría de 19 de maio de 2008, ao abeiro do establecido no artigo 44 e seguintes do Real Decreto 1732/1986, do 13 de xuño e 41 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, deberase abrir unha fase de audiencia aos colindantes personados no expediente durante un prazo non inferior a dez días hábiles, para que podan examinalo mesmo e presentar cantas alegacións estimen por oportunas.

Unha vez examinadas e informadas, deberá adoptarse acordo polo órgano competente da corporación.

Do exame do artigo 21 e 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, non se desprende a designación ou asignación competencial concreta, podendo realizar as seguintes consideracións:

- Atribuir a competencia ao Pleno por canto corresponde a este órgano colexiado o exercizo de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria ou por que é o Pleno o órgano competente para a aprobación do Inventario.

- Outorgar competencia ao Alcalde e por delegación, á Xunta de Goberno Local xa que é igualmente competencia deste o exercizo de accións xudiciais e administrativas e a defensa do Concello en materias da súa competencia ou por que ao Presidente da Corporación confire a lexilación a cláusula residual de competencias.

Non obstante dado o carácter permanente e consecuencias de tal declaración, esta informante estima que o acordo debe ser adoptado polo Pleno previo ditame da Comisión Informativa correspondente."

Terceiro.- Posesión.

O acordo que se adopte polo Pleno servirá exclusivamente, de pronunciarse sobre a natureza pública do

camiño, tasación e alta no Inventario, para os efectos de declarar a súa posesión pública pero non a súa propiedade que deberá ser obxecto de fallo xudicial e de a apertura, se así procede, de expediente de deslinde ou recuperación de oficio.

Por tanto e en función do exposto elévase á consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Declarar, se así se estima oportuno en base as consideracións realizadas, como camiño rural o descrito no informe emitido polo departamento de enxeñería municipal de 26 de marzo de 2009 no lugar de Zapata, San Xoán (Poio), levando a cabo os trámites tendentes á súa incorporación no PXOM a través do procedemento de revisión ou da modificación puntual do devandito instrumento de planeamento xeral.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos interesados con indicación de que contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do Réxime Local, poderase interpoñer a súa elección:

- Potestativamente, recurso de reposición, ante o mesmo órgano que ditou este acordo, no prazo dun mes contado dende o día seguinte a aquel en que teña lugar a presente notificación, de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

- Ou ben directamente, recurso contencioso-administrativo, conforme o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, de xurisdición contencioso-administrativa, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra que corresponda, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á data de recepción do presente escrito.

O prazo para resolución e notificación do recurso de reposición será de un mes, contra a desestimación expresa, ou presunta polo transcurso do prazo dun mes, poderá presentar recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional e no prazo antes mencionado.

Sen prexuízo delo, poderá presentar, no seu caso, calquera outro recurso que estime pertinente e exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente."

Esta Comisión acorda: Informar que se trata dun camiño público."

Non subscitándose ningún debate, en votación ordinaria, por unanimidade de asistentes, o Pleno acordou:

**Primeiro:** Declarar como público o camiño sito no lugar da Zapata cunha lonxitude de 35,14 m.l e un largo medio de 2,00 m. e que ten inicio no camiño Zapata diante da vivenda número 27 e parte xunto a unha construción auxiliar en dirección norte e remata no lavadoiro público.

**Segundo:** Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Patrimonio para que proceda á Inscripción no mesmo no Inventario de Bens e aos interesados con indicación de que contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do Réxime Local, poderase interpoñer a súa elección:

- Potestativamente, recurso de reposición, ante o mesmo órgano que ditou este acordo, no prazo dun mes contado dende o día seguinte a aquel en que teña lugar a presente notificación, de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

- Ou ben directamente, recurso contencioso-administrativo, conforme o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, de xurisdición contencioso-administrativa, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra que corresponda, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á data de recepción do presente escrito.

Sen prexuízo delo, poderá presentar, no seu caso, calquera outro recurso que estime pertinente e exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente."

3367.- PATRIMONIO, EXPEDIENTE 02/09 INVESTIGACIÓN DE OFICIO SOBRE CUALIFICACIÓN XURÍDICA DE POSIBLE CAMIÑO EN CAMPELO-POIO.- NESTE MOMENTO AUSÉNTASE DO SALÓN DE CONCELLEIROS D<sup>a</sup>. MARGARITA CALDAS MOREIRA. Previa ratificación por unanimidade de asistentes da inclusión do devandito asunto na orde do día por non ser previamente ditaminado por Comisión Informativa ningunha, pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente número 02/2009 tramitado pola Unidade de Patrimonio sobre a determinación da calificación xurídica dun posible camiño no lugar de Campelo iniciado de oficio por acordo da Xunta de Goberno Local do 16 de febreiro de 2009 e en en virtude das competencias atribuídas pola lexislación vixente as entidades locais.

Dáse conta igualmente do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo na súa sesión do 30 de marzo de 2010 e que di o que segue: "7739.- PATRIMONIO - EXP. 02/09 - PROCEDIMIENTO DE INVESTIGACIÓN DE OFICIO SOBRE CUALIFICACIÓN XURÍDICA PÚBLICA OU PRIVADA DE POSIBLE CAMIÑO EN CAMPELO - POIO.- E previa lectura do informe emitido pola Secretaria Xeral do Concello que di textualmente: "Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter nacional, pertencente ás Subescalas de Secretaría-Intervención e Secretaría, categoría de entrada, ao abeiro do establecido no artigo 3 do Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, emito o seguinte INFORME

- Antecedentes de feito

- Con data 22 de febreiro de 2010 emítese informe de Secretaría unha vez rematada a fase de instrución e determinábase xunto con determinadas cuestións de carácter procedimental e en relación co carácter público ou privado do camiño:

"De conformidade coa documentación obrante no expediente, probas practicadas e o informe emitido pode afirmarse:

- Non concorren as notas definatorias para que poda ser considerado como camiño rural e municipal sen que apareza grafiado no Catastro e no PXOM e sen que exista un Inventario municipal de camiños e vías:

1. Non procede de cesión ou operación ningunha de xestión urbanística, sen que exista tampouco proba ningunha de que a conservación e ordenación de policía sexa realizada polo concello.

2. Non está pavimentado e carece de toda clase de servizos urbanísticos municipais (auga, saneamento, alumeados, rede eléctrica, telefonía etc) carecendo incluso de calquera tipo de sinalización.

3. Non queda acreditado que sirva de unión entre vías públicas, tendo como recorrido desde as "toxeiras á ribeira" segundo os testemuños realizados.

- Das notas simples informativas emitidas polo Rexistro da Propiedade non se desprende inscrición ningunha de dereito real de servidumbre de paso nin a propiedade en exclusiva de ningún dos titulares colindantes.

- Pola contra, sí concorren algunhas das notas ou requisitos aos que se refire a xurisprudencia que conforme ao artigo 76 e seguintes da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia permiten considerar, aínda por exclusión, que poda tratarse dunha serventía:

1. Vía de acceso aos terreos do monte (referencias reiteradas no expediente ás toxeiras) polos seus propietarios no que ten no seu fin para o seu uso, disfrute e goce en común sen que o concepto se vexa desvirtuado pola tolerancia na súa utilización por outros

veciños non colindantes e por que poda ser igualmente utilizado en dirección sur ata a praia.

2. Trátase de fincas de carácter rústico que forman o teñen formado parte do agro( existen igualmente distintas referencias no expediente ao seu carácter forestal ).

Todos os testemuños aportados acreditan o seu uso continuado por persoas a pé.

...".

- Con data 1 de marzo de 2010, número rexistro saída 694, remítense sendas comunicacións da Alcaldía nas que se outorga a prazo de audiencia de dez días hábiles para os efectos de que podan examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen por oportunas a Carmen Villanueva Villanueva; Ángel Silva Martínez; Antonio Martínez Torres; Dolores Albar Fernández; José Martínez Torres; Victoriano Otero Martínez; Manuel Sabino Currás Martínez e José García Torres.

- Dentro do prazo dos dez días de audicencia preséntanse por José García Torres con data 3 de marzo de 2010 solicitude de copia de informe de secretaría de 22 de febreiro de 2010; escrito de Antonio Martínez Torres de 4 de febreiro de 2010 obxeto da mesma petición; Escrito de Carmen Villanueva Villanueva de 8 de marzo de 2010 solictando acceso ao expediente e copia do informe de secretaría de 22 de febreiro de 2010. Así mesmo e con data 12 de marzo de 2010 preséntase escrito de alegacións de José García Torres no que insta a realización de nova proba testifical ó considerar que a calificación do suposto paso como posible serventía descansaría das declaracións testificais de veciños "...claramente parciais e interesados en que se le reconozca cualquier tipo de derecho de paso por nuestra propiedad. Así lo pretendieron mediante la constitución de una denominada "Asociación Veciñal" de supuesta defensa de un camiño público o interviniendo como testigos en el juicio del que trae causa la sentencia de la Audiencia Provincial de Pontevedra...".

- Aparecen incorporados dous planos sen que esta Secretaría poda acreditar nin identificar a persoa que aportou tal documentación ou a súa finalidade.

- No rexistro municipal de asociacións non aparece inscrita "Asociación Veciñal Camiño da Costa" ningunha.

2. Consideracións xurídicas.

Primeira.- Trámite de audiencia.

En relación ás alegacións presentadas por José García Torres respecto aos veciños que prestaron testemuña na fase de instrucción:

- Na copia da Sentenza do Xulgado número 1 de Pontevedra 112/2008 de 14 de maio de 2008, no que figura como demandante a Asociación Veciñal Camiño da Costa, no seu fundamento de dereito quinto sinala expresamente:

"...Declararon así a instancia de la parte demandante los siguientes testigos, cuyas manifestaciones más relevantes al respecto pasamos a exponer:

...- Don Sabino Currás, que identificó el lugar que refleja la fotografía del folio 11 como "prácticamente la entrada del camino", relata que pasaba por ahí por que sus suegros tenían una finca más adelante"...".

•Achégase ao presente informe copia do escrito asinados por distintos veciños do lugar de Campelo no expediente 04/07 relativo a obras sen licenza en Camiño da Costa, 10, Campelo, no que se instaba a que se adoptasen polo concello as medidas oportunas para impedir que a denunciada procedese ao peche do camiño requeríndoa para que deixase totalmente libre o mesmo, non figurando como asinantes nin María Pousada Sobral nin Placer Torres Albar.

Non se desprende do tenor da citada sentenza a identificación persoal do testigo Sabino Currás para os efectos de poder afirmar que a súa persoa coindice con Manuel Sabino Fernández Currás, testigo no presente procedemento.

Placer Torres Albar, tras as operacións de comprobación realizadas tras o escrito presentado polo alegante aparece dentro da relación de veciños asinantes descrita nos antecedentes de feito.

Respecto ás declaracións así prestadas, non se realiza recusación de forma expresa nos termos dos arts. 28 e 30 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Pese a elo, procede non ter en conta as manifestacións así realizadas en base á normativa de referencia.

En todo caso, a testemuña ofrecida por María Pousada Sobral non resultaría afectada salvo proba en contra.

En función do establecido no art. 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, solo provocará a invalidez dos actos nos que teñan intervido persoas afectadas por causas de abstención se fosen determinantes para a súa resolución.

No presente expediente e tal como se reflexa nas consideracións realizadas no informe de 22 de febreiro de 2010, a práctica testifical non resulta determinante para verificar se a presunta vía ten consideración ou non de camiño municipal, non acreditándose tal consideración.

Se existise un interese municipal nunha declaración que vaia máis alá da consideración pública ou privada do posible paso, debería existir previo pronunciamento sobre a nova práctica testifical.

Segundo.- Competencia e procedemento.

Rematada o trámite de audiencia deberáse observar e seguir as consideracións xa realizadas no informe de Secretaría de 22 de febreiro de 2010 e que se reproducen a continuación:

“Segundo.- Procedemento a seguir e órgano competente.

Rematada a instrución do procedemento e de conformidade co disposto no informe de Secretaría de 19 de maio de 2008, ao abeiro do establecido no artigo 44 e seguintes do Real Decreto 1732/1986, do 13 de xuño e 41 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, deberase abrir unha fase de audiencia aos colindantes personados no expediente durante un prazo non inferior a dez días hábiles, para que podan examinalo mesmo presentar cantas alegacións estimen por oportunas.

Unha vez examinadas e informadas, deberá adoptarse acordo polo órgano competente da corporación.

Do exame do artigo 21 e 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, non se desprende a designación ou asignación competencial concreta, podendo realizar as seguintes consideracións:

- Atribuir a competencia ao Pleno por canto corresponde a este órgano colexiado o exercizo de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria ou por que é o Pleno o órgano competente para a aprobación do Inventario.

- Outorgar competencia ao Alcalde e por delegación, á Xunta de Goberno Local xa que é igualmente competencia deste o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa do Concello en materias da súa competencia ou por que ao Presidente da Corporación confire a lexilación a cláusula residual de competencias.

Non obstante dado o carácter permanente e consecuencias de tal declaración, esta informante estima que o acordo debe ser adoptado polo Pleno previo ditame da Comisión Informativa correspondente.”

Terceiro.- Posesión.

O acordo que se adopte polo Pleno servirá exclusivamente, de pronunciarse sobre a natureza pública do camiño, tasación e alta no Inventario, para os efectos de declarar a súa posesión pública pero non a súa propiedade que deberá ser obxecto de fallo xudicial e de a apertura, se así procede, de expediente de deslinde ou recuperación de oficio.

Por tanto e en función do exposto elévase á consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Declarar como privado o paso obxecto de reclamación descrito no informe do departamento de enxeñería municipal de 30 de setembro de 2009.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos interesados con indicación de que contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa de acordo co disposto no



artigo 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do Réxime Local, poderase interpoñer a súa elección:

- Potestativamente, recurso de reposición, ante o mesmo órgano que dictou este acordo, no prazo de un mes contado dende o día seguinte a aquel en que teña lugar a presente notificación, de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

- Ou ben directamente, recurso contencioso-administrativo, conforme o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, de xurisdicción contencioso-administrativa, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra que corresponda, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á data de recepción do presente escrito.

O prazo para resolución e notificación do recurso de reposición será de un mes, contra a desestimación expresa, ou presunta polo transcurso do prazo de un mes, poderá presentar recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional e no prazo antes mencionado.

Sen prexuízo delo, poderá presentar, no seu caso, calquera outro recurso que estime pertinente e exerce-las accións que procedan ante a xurisdicción competente."

Esta Comisión acorda: Considerar que se trata dun camiño público ata a cancela existente, que é a zona pavimentada do mesmo, sendo o resto unha serventía."

Non subscitándose ningún debate, en votación ordinaria, por unanimidade de asistentes, o Pleno acordou:

**Primeiro:** Declarar que se trata dun camiño público ata a cancela existente, que é a zona pavimentada do mesmo, sendo o resto unha serventía.

**Segundo:** Dar traslado do presente acordo á Sección 1ª da Audiencia Provincial de Pontevedra.

**Terceiro.-** Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Patrimonio e aos interesados con indicación de que contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do Réxime Local, poderase interpoñer a súa elección:

- Potestativamente, recurso de reposición, ante o mesmo órgano que dictou este acordo, no prazo de un mes contado dende o día seguinte a aquel en que teña lugar a presente notificación, de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

- Ou ben directamente, recurso contencioso-administrativo, conforme o establecido na Lei 29/1998, do

13 de xullo, de xurisdición contencioso-administrativa, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra que corresponda, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á data de recepción do presente escrito.

Sen prexuízo delo, poderá presentar, no seu caso, calquera outro recurso que estime pertinente e exerce-las accións que procedan ante a xurisdición competente.

NESTE MOMENTO ENTRA NO SALÓN DE SESIÓNS A CONCELEIRA MARGARITA CALDAS MOREIRA.

3368.- DAR CONTA SOLICITUDE PLAN CONCERTADO 2010.- Pola Secretaria presente na sesión, de conformidade co disposto no artigo 16 do Regulamento Orgánico Municipal, dáse conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 22 de marzo de 2010 relativo ao expediente do Plan Concertado de Servizos Sociais do ano 2010 e que di o seguinte: "Previa declaración de urxencia ao abeiro do establecido no artigo 83 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo voto favorable dos seis membros presentes da Xunta de Goberno Local, sendo este o seu número total de membros, dáse conta do expediente tramitado polo Centro de Servizos Sociais ao abeiro do establecio na Orde da Consellería de Traballo e Benestar, do 19 de febreiro de 2010, publicada no DOG número 40 do 1 de marzo de 2010, pola que se regulamentan axudas para mantemento, realización de programas e investimentos destinados á prestación de servizos sociais polas corporacións locais.

De acordo coa documentación incorporada ao expediente o Plan Concertado (persoal, mantemento, axuda no fogar, xestión de programas e investimentos de capital) estaría orzamentado nun total de 458.045,36 € dos que a corporación local realizará unha achega de 208.121,24 €, incorporando remanente do exercicio 2009 por importe de 59,51 €, de forma que a axuda solicitada será de 241.319,96 €, correspondendo 19.623,72 € a investimentos de capital, proxecto "Reposición fiestras Centro Servizos Sociais" distribuíndose en sendas achegas do Concello en subvención solicitada por importe de 2.000 € e 17.623,72 € respectivamente.

Así mesmo obra documentación relativa a proxecto de desenvolvemento do pobo xitano presupostada nun total de 61.402,88 euros dos que o concello realizará unha achega de 6.000,00 euros destinados integramente a gastos de persoal adscrito ao mesmo (traballadora social e educadora social), ascendendo a subvención solicitada a 55.402,88 €.

Obra no expediente informe emitido pola Intervención municipal de data 18 de marzo de 2010.

Examinado expediente e non existindo debate ningún, en votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local polo voto favorable dos seis membros presentes sendo este o seu número total e en exercicio das atribucións delegadas pola alcaldía, por Decreto de 21 de xuño de 2007, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro), **acordou:**

**Primeiro:** Prestar aprobación ao expediente relativo ao Plan Concertado 2010 destinado a servizos sociais comunitarios municipais e proxecto de desenvolvemento do Pobo Xitano formado polo departamento de Servizos Sociais ao abeiro da Orde da Consellería de Traballo e Benestar, do 19 de febreiro de 2010, publicada no DOG número 40 do 1 de marzo de 2010, pola que se regulamentan axudas para mantemento, realización de programas e investimentos destinados á prestación de servizos sociais polas corporacións locais, orzamentados nun total de 458.045,36 € e 61.402,88 € respectivamente, de conformidade cos Anexos formados polo referido departamento segundo os modelos previstos na Orde que se xuntan ao presente acordo como parte integrante do mesmo.

**Segundo:** Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar, ao abeiro da devandita Orde, para servizos sociais comunitarios municipais, unha axuda de 249.864,61 € e para o proxecto de desenvolvemento do Pobo Xitano unha axuda de 55.402,88 €.

**Terceiro:** Asumir o compromiso de cofinanciar o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal e os investimentos de capital en servizos sociais incluídos no proxecto presentado para a solicitude da subvención para o ano 2010 na contía de 208.121,24 € contía que supón unha porcentaxe de 45,44 % sobre o orzamento total do proxecto presentado.

**Cuarto:** Asumir o compromiso de participar no financiamento de investimento de capital denominado "Reposición das fiestras para o Centro Social" pola contía de 2.000,00 € de ser o caso de que lle sexa concedida a subvención solicitada para o que consignará crédito adecuado e suficiente en concepto de achega municipal ao investimento proxectado, contía que supón unha porcentaxe do 10,19 % sobre o orzamento de licitación previsto para o dito investimento.

**Quinto:** Declarar que no orzamento xeral municipal para o exercicio 2010 aprobado inicialmente polo Pleno e actualmente en fase de información pública, existe consignación de crédito adecuado y suficiente para o financiamento da achega municipal ao proxecto de desenvolvemento do Pobo Xitano para o ano 2010 pola contía de 6.000,00 €, contía que supón unha porcentaxe do 9,77 % sobre o orzamento total do proxecto presentado.

**Sexto.** Dar conta do presente acordo para o seu coñecemento e cumprimento do trámite previsto na Orde de 19 de febreiro de 2010, ao Pleno na primeira sesión ordinaria que realice.

**Sétimo:** Dar traslado do presente acordo xunto co resto da documentación complementaria incorporada ao expediente á Consellería de Traballo e Benestar dentro do prazo máximo marcado na Orde reguladora da subvención solicitada."

Non subscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación por unanimidade e de conformidade co disposto no artigo 16 do Regulamento Orgánico Municipal acordou dar `por cumprimentado o trámite previsto na Orde da Consellería de Traballo e Benestar, do 19 de febreiro de 2010, publicada no DOG número 40 do 1 de marzo de 2010, pola que se regulamentan axudas para mantemento, realización de programas e investimentos destinados á prestación de servizos sociais polas corporacións locais.

MOCIÓN S URXENTES.- Polo Sr. Alcalde dáse conta aos membros da corporación dos escritos formulados polo Partido Popular no que se solicita a comparecencia ante o Pleno dos Concelleiros que obstantan a responsabilidade en materia de Seguridade Cidadá e en materia de Persoal.

3369.- COMPARECENCIA DO SR. FRANCISCO PIÑEIRO MURILLO, CONCELEIRO DELEGADO EN MATERIA DE SEGURIDADE CIDADÁ.- En virtude do disposto nos artigos 104 e 105 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e a solicitude do Grupo Municipal do Partido Popular mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello con data 04 de marzo de 2010, número de entrada 741 comparece o Sr. Piñeiro Murillo, Concelleiro Delegado de Seguridade Cidadá para informar sobre as preguntas que no mesmo se realizan:

1º.- Que se nos explique os problemas existentes dentro do Corpo da Policía Local?

Realmente non se trata dun problema dentro do Corpo de Policía senón que máis ben se trata de diferencias de criterios en distintos temas como son a elaboración dun cuadrante. Tiven varias reunións cos membros da Policía Local coa finalidade de consensuar un cuadrante que respondese ás peticións de todos, tanto dos propios policías como do concelleiro e consensuouse un cuadrante para todo o ano, que pode ser modificado por cuestións de servizo, dicir, que non foi unha tarefa sinxela, xa que na actualidade soamente se conta con 9 efectivos.

2º.- Que medidas se tomaron para corrixilo?

Nesta pregunta reitero o exposto na pregunta anterior,

xa que cando se detectaron estas diferencias mantivéronse varias reunións cos membros da policía e cos seus representantes.

3°.- Por que non se facilita aos gardas o cadrante cun mínimo de antelación de 15 días?

Ata o momento non se facilitaba cunha antelación fixa, pero neste momento ao consensuar un cadrante para todo o ano xa se facilita de forma mensual que permite aos gardas coñecer as suas quendas con máis tempo de antelación.

4°.- Como é posible que con maior número de Policías no Concello de Poio, existan todos estes problemas?

Neste momento o servizo de policía conta con 10 gardas dos que 1 leva máis dun ano de baixa e 2 auxiliares, dos que unha está de baixa, polo que temos dez persoas ao fronte. Destacar que o servizo mellora substancialmente, e imaxino que cando falan de problemas refírense a problemas puntuais.

5°.- Cando se vai crear a praza de Oficial?

A praza de Oficial está creada, figura nos orzamentos, no Departamento de Persoal estanse a elaborar as bases e prevése que no verán esté cuberta.

6°.- Que posibilidades hai de reducir nestes momentos coa plantilla existente, o número de horas extraordinarias?

O ano pasado existiron unhas circunstancias que produxo que as horas extraordinarias se incrementaran xa que houbo varios policías que tiveron que estar na Academia Galega de Seguridade realizando o curso de capacitación de Policía Locais e o Corpo de Policía naquel momento viuse reducido de forma substancial e o servizo había que realizalo, houbo policías que tiveron que dobrar e estes traballos hai que remuneralos, neste momento estes policías xa se reincorporaron e a plantilla incrementouse en dous máis polo que entendo que as horas se reduciron nun 50%.

7°.- Para cando a quenda de noite anunciada publicamente?

A quenda de noite neste momento non é posible cos efectivos que temos, se a Xunta nos concede os auxiliares solicitados podemos prestar o servizo ou polo menos aumentar o horario do servizo.

O Concello de Poio é un dos Concellos máis seguros, os datos foron facilitados pola Subdelegación. Parece que se está a xogar coa profesionalidade da policía. Con respecto ás críticas do radar dicir que Poio conta cunha estrada de 10 km que é unha das máis seguras, as cousas fanse ben.

O Sr. Domínguez Lino di que o Partido Popular non foi quen sacou as notas de prensa e o PP tampouco dubida da profesionalidade de ninguén. Non contesta, aos temas sobre un regulamento, dependencias dignas, sen embargo fala do radar, nos en ningún momento dixemos nada.

Tamén pensamos que un cuadrante a un ano non é viable, que vai ser obxecto de cambios constantemente.

O Sr. Piñeiro Murillo di que o cadrante foi elaborado polos propios axentes e consensuado posteriormente, pode ter problemas, pero nel contéplanse os descansos dos funcionarios e as vacacións deste ano 2010, é verdade que pode sufrir variacións pero nel mesmo así se recolle.

3370.- COMPARECENCIA DA SRA. CONSUELO BESADA LORES, CONCELEIRA DELEGADA EN MATERIA DE PERSOAL.- En virtude do disposto nos artigos 104 e 105 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e a solicitude do Grupo Municipal do Partido Popular mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello con data 04 de marzo de 2010, número de entrada 740 comparece a Sra. Besada Lores, Concelleira Delegada de persoal para informar sobre as preguntas que no mesmo se realizan:

1º.- Como responsable de persoal, era coñecedora dos problemas internos da Policía Local?

Son Concelleira de Persoal pero tamén hai un Concelleiro de Seguridade Cidadá, no que confío. Houbo diferencias en criterios que foron resoltos en varias reunións que se realizaron e ás que asistín.

2º.- Se é consciente de que se están incumprindo as leis, cando se realizan gardas en Poio cun policía e un auxiliar.

Vostedes estanse a referir a un problema puntual que sucedeu nun servizo, son cousas puntuais que non se volven repetir.

3º.- Que medidas se están a tomar para arranxar os problemas plantexados?

Os cadrantes si se poden facer a un ano e de feito están ahí para velos, polo momento está asinado a tres meses. E os imprevistos solense solventar polos propios gardas, como se fixo sempre.

4º.- Ten pensado realizar un regulamento específico do Corpo da Policía?

Nas reunións que se mantiveron os días pasados si se falou da necesidade de elaborar un regulamento específico pero agora mesmo non é posible pola elaboración da Relación de Postos de Traballo cando se aprobe retomárase o tema.

5º.- Cando ten previsto? E a onde? O traslado da policía local, que no lugar actual carecen dos servizos mínimos para poder realizar o traballo en condicións.

Está falado coa propia policía na Escola Obradoiro existen unhas instalacións nas que hai aseos diferenciados, taquillas... e momentaneamente están de acordo en permanecer alí.. non existe outra ubicación que non sexa no Concello.

O Sr. Domínguez Lino di que en datas anteriores se falara de ubicar as dependencias da Policía na casa do Piso Piloto de Urbis, pero urbanisticamente non é posible. Sería unha moi boa ubicación a Casa dos Caseiros do Pazo Besada, que está aprobada para restaurar, iso suporía unha diminución do gasto.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Prodúcense as seguintes.

O Sr. Domínguez Lino pregunta que ten de certo o anuncio público da utilización do Pazo Besada na propaganda dunha Fundación "Ponte Tec".

Os asistentes na sesión manifestan o seu descoñecemento da utilización do Pazo Besada como propaganda da Fundación.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria xeral, dou fe.